



Principios Políticos

PODEMOS



Principios Políticos

PODEMOS

RETOS E DECISIONS ANTE UNHA OPORTUNIDADE HISTÓRICA

Este documento é unha proposta de folla da ruta estratéxica para orientar as grandes decisións que Podemos debe tomar no ciclo político-electoral que temos á nosa fronte e que vai ser decisivo para a historia do noso país.

O texto aspira a clarificar os principais retos do momento e ofrecer unha decisión coherente fronte a eles, grazas á cal Podemos aproveita a fiestra de oportunidade aberta -profunda pero estreita e non eterna- para o cambio político e a construción da soberanía popular.

Estamos nun momento no que as disputas electorais, lonxe de ser mera competición interna do réxime de 1978, supoñen hoxe a posibilidade certa de que a súa crise non sexa conducida nun sentido oligárquico senón de apertura popular e constituínte. As batallas electorais ocupan hoxe o centro da confrontación política. Podemos é o actor colectivo e a ferramenta electoral que trastornou o mapa político e que representa a posibilidade de cambio coas maiorías castigadas como protagonistas. Isto é o que explica a feroz campaña de ataques, estigmatización, criminalización e desprestixio que sofre a nosa nova formación e os seus voceiros: por vez primeira en tres décadas os que monopolizaron o poder para o seu propio beneficio e o dos privilexiados senten como certa a posibilidade de perdelo e teñen serias dificultades para manobrar e recuperar a confianza perdida.

Este é un proceso que non se dará de golpe senón en diferentes etapas, pero nunha dinámica política acelerada, charramanguera e complexa. Podemos debe estar á altura e tomar decisións congruentes e axeitadas aos seus grandes obxectivos. Para iso é imprescindible abandonar as lóxicas de concesións a partes, contentar a grupos ou evitar polémicas. Tampouco poden ser o resultado de boas intencións aplicadas, de forma separada, a cada caso e a cada momento: debemos mirar o ciclo que temos ante nós como un todo e adoptar decisións estratéxicas enfocadas aos obxectivos principais.

1. CONTEXTO: CRISE DE RÉXIME, OFENSIVA OLIGÁRQUICA E FIESTRA DE OPORTUNIDADE HISTÓRICA

O Estado español está a atravesar por unha crise que vai máis alá da non lexitimación das súas elites políticas e que afecta a compoñentes centrais do sistema político e a institucionalidade, da articulación territorial do Estado, do modelo de desenvolvemento e o equilibrio entre grupos sociais baixo a primacía dos sectores dominantes. A esta crise algúns a vimos chamando dende hai anos a crise do réxime de 1978, para dar conta dunha situación de esgotamento orgánico que, ultimamente, se expresa de forma acelerada nunha descomposición política e moral das elites tradicionais, coa corrupción -que era o elemento engraxante do encaixe político e económico do bloque dominante- como punta de lanza do seu desprestixio.

O movemento 15M contribuíu a articular unha parte das insatisfaccións que até ese momento estaban orfas ou se vivía de forma illada e despolitizada. Contribuíu así decisivamente a introducir no sentido común de época elementos impugnatorios da orde existente e que sinalaban ás elites como responsables, agrupándoas simbolicamente e colapsando parcialmente o xogo de diferenzas no que descansaba o pluralismo limitado e a osixenación do réxime. O 15M ave-

llementou as elites e as narrativas oficiais, poñendo en evidencia o esgotamento dos seus consensos, das súas certezas, dos marcos cos que se distribuían as posicións e se explicaba o rol de cadaquén no contrato social ou se canalizaban as demandas cidadás. Porén, esta acumulación de pequenas transformacións culturais non afectou por igual en todo o país nin alterou os equilibrios de forza electorais e institucionais.

O PP foi inicialmente o grande beneficiado dun terremoto que sacudiu fundamentalmente os votantes da esquerda e que, paradoxalmente, situou as forzas conservadoras á defensiva e alerta pero permitiu ao PP unha maioría absoluta malia recibir menos votos que os obtidos polo PSOE nas eleccións de 2008. O 15M, ao mesmo tempo, debilitaba a autorización electoral: gañar unhas eleccións xa non era o único elemento de lexitimación política e, dende logo, non constitúe xa un cheque en branco. Pero a desafección produciuse sobre un terreo social e cultural fragmentado por 30 anos de neoliberalismo, coas identidades colectivas -a de clase en primeiro lugar, pero tamén as narrativas ideolóxicas tradicionais- en retroceso e incapaces de servir de superficie de inscrición para articular todos os diferentes descontentos co status quo.

Mentres na rúa aumentaban as voces de protesta no que foi todo un ciclo de mobilización social, nas institucións o partido da dereita acumulaba un poder inédito, no que se apoiou para lanzar un duro e ambicioso proxecto de reforma oligárquica do Estado. O centroesquerda do PSOE, cun notable bloqueo da súa imaxinación política, apenas dixo nada que lle permitise conectar co novo clima. Estaba, ademais, firmemente comprometido co sostemento do status quo e o programa de axuste imposto pola Troika, que o levou a aceptar un rol subalterno con respecto ao PP, que non deixou de pasarlle factura nas urnas dende entón. Unha parte das elites dirixentes de IU, vinculadas xeracional e culturalmente á orde de 1978, tiveron en xeral -e salvo honrosas excepcións- reaccións tímidas e conservadoras. Confiaban en estar movéndose nos parámetros de antes da crise orgánica e en recoller de forma paulatina e progresiva os apoios que ía perdendo o PSOE, dende a súa auto-situación á súa «esquerda».

No medio da crise política, as forzas de esquerda nacionalista analizaron, en xeral e en particular en Catalunya, que este é o momento preciso para a mobilización soberanista. Fixérono, en xeral, confiando na unilateralidade, unha estratexia moi rendible a curto prazo pero que os pode abocar agora a unha quella de moi difícil saída, como poderíamos ver con motivo da consulta en Catalunya o 9 de novembro. A cuestión xeral constituínte reaparecería así en toda a súa complexidade e plurinacionalidade. Por outra banda, as hipóteses «movementistas» e de gran parte da esquerda, instaladas en certo mecanicismo polo que «o social» debe de preceder sempre «ao político», demostráronse incorrectas para romper a impotencia da espera e propoñer pasos concretos máis alá da mobilización máis ou menos expresiva.

Todo isto aconteceu mentres os sectores dominantes despregaban unha ampla e profunda ofensiva sobre o pacto social e político de 1978. Esta ofensiva non constituínte busca deixar sen sentido ou sen vixencia as partes máis progresistas do acordo constitucional, marchar sobre os contrapesos populares ou democráticos nos equilibrios do Estado e abrir unha redistribución regresiva do poder e a renda aínda máis en favor da minoría dominante. Seguramente a disxuntiva política estratéxica hoxe está situada entre a restauración oligárquica ou a apertura democrático-popular, posiblemente nun sentido constituínte.

Polo tanto, as análises excesivamente optimistas con respecto á crise orgánica do réxime de 1978 deben ser compensadas polo menos con dúas aseveracións:

1) Esta crise prodúcese no marco dun Estado do Norte, integrado na Unión Europea e na OTAN, que non viu minguada a súa capacidade de ordenar o territorio e monopolizar a violencia, de ordenar os comportamentos e producir certeza e hábitos, que non vive importantes fisuras nos seus aparatos e que non parece que vaia sucumbir por acometidas de mobilización social máis ou menos disruptiva.

2) A crise política pode ter moita menor duración que a económica. Unha boa parte da contestación social hoxe existente deriva dunha «crise de expectativas» que pode non repetirse nas seguintes xeracións, sobre as que podería causar un efecto disciplinario do medo e o empobrecemento, cunha exclusión social que xa ameaza a un terzo da poboación e que podería estabilizarse neses albores. Ao mesmo tempo, o exilio e a destrución dos nichos sociais e profesionais dos que se nutre a contestación (terceiro sector e ONG, universidade, funcionariado, sindicalismo, etc.) é un torpedo contra a liña de flotación material da militancia da esquerda. Tras unha serie de axustes que sexan vividos ademais como unha vitoria política de alto contido simbólico sobre as clases subalternas, a oligarquía pode estabilizar un país xa disciplinado que asuma como normal o empobrecemento e exclusión de amplas capas sociais e determinados estreitamentos nas posibilidades democráticas. Os exemplos estadounidense e inglés tras Margaret Thatcher téñennos que servir de alerta: o neoliberalismo destrúe mais, sobre a derrota das clases populares, tamén constrúe novas ordes e acordos. Se a crise económica parece que terá un longo percorrido, a fiestra de oportunidade aberta pode pechase moito antes se se consome a ofensiva oligárquica con certo reposicionamento subordinado dun PSOE algo osixenado e se as elites proceden a unha restauración por arriba que asuma a parte máis inofensiva das demandas cidadás que hoxe non teñen cabida na orde de 1978 e o rol semicolonial na Unión Europea.

2. AS ELECCIÓNS DO 25 DE MAIO DE 2014 E O NOVO ESCENARIO POLÍTICO

As eleccións europeas do 25 de maio de 2014 non foron uns comicios máis, senón que supuxeron un pequeno terremoto no escenario político que mostrou algúns dos seus precarios equilibrios e a febleza de posicións que parecían moi asentadas.

O dato máis relevante é que o Partido Popular perdeu 2,6 millóns de votos, e o Partido Socialista Obreiro Español perdeu 2,5, xuntos apenas alcanzaron o 49% do sufraxio. Non é só que «perdesen» as eleccións por primeira vez na historia do noso sistema de partidos (cando nas eleccións europeas de 2009 sumaron xuntos o 81% do voto), senón que, máis importante, rompeuse o xogo de vasos comunicantes polo cal o que perde o primeiro partido da alternancia recíbeo o outro, nun movemento que osixena a pluralidade interna ao tempo que pecha a porta á alternativa e salvagarda os consensos sistémicos que comparten os dous partidos dinásticos.

O elemento fundamental desta erosión dos principais partidos do réxime -que non todos, non hai que confundir réxime con bipartidismo como fan outros- é o desgaste e a crise do PSOE. O Partido Socialista foi (tras o papel inicial do PCE e CC. OO.) o artífice da integración das clases subalternas ao Estado de 1978 (e polo tanto tamén das conquistas sociais subordinadas neste) e peza crave, despois, na súa incorporación ao pacto social neoliberal. É quen pecha o espazo político «pola esquerda» e é a súa crise a que abre as oportunidades políticas para unha nova maioría. Se se recompuxese sequera parcialmente do seu desprestixio e os seus problemas internos, e postulase un novo líder con poucos vínculos simbólicos co pasado, podería recuperar parte do espazo perdido e estreitar así as opcións para unha forza de ruptura democrática, relativamente transversal dentro do discurso de unidade popular e cidadá.

A outra ameaza para a expansión da ruptura sería que o Goberno intentase presentar tímidas «evidencias» de que as medidas de axuste nos fixeron pasar xa o máis duro e que se aveciña a recuperación, aínda cando saibamos que isto é só un espellismo, e que estamos sempre suxeitos ao agudizamento posible e futuro da crise nun escenario de inmovilismo político e económico. Por falsa e remota que sexa, a narrativa de que se fixeron os deberes máis duros e agora se aveciña o tempo da colleita do esforzo é moi perigosa pola aparente reosixenación que suxire.

Xunto con esa ruptura do movemento de vasos comunicantes, resgouse o mito da imposibilidade dunha maioría que non pase polo PP e o PSOE, e polo tanto da necesidade de colocarse a un dos seus costados ideolóxicos. As eleccións do 25M amosaron que hai posibilidades dunha nova maioría, e esa greta no imaxinario da orde permite avanzar as hipóteses máis arriscadas e audaces, que xa non parecen imposibles para a sociedade.

Podemos, cos seus 1.245.000 votos e o seu 8% a nivel estatal, irrompeu como unha forza política con maior forza da que reflicten os números. Non é esaxerado dicir que estamos hoxe no centro do debate político español: somos o obxecto prioritario dos ataques do PP, do PSOE e do oligopolio mediático, a casta amosouse claramente á defensiva, usando as nosas palabras e correndo a xustificarse, a insultarnos ou a vestirse con roupaxes novas. Os creadores de opinión do réxime están involucrados nunha masiva operación de re-enmarcado que sitúa a discusión pública non sobre os problemas de España senón sobre situacións ou actores doutro tempo ou que estean a miles de quilómetros de distancia; ao mesmo tempo, tentan que Podemos non fale máis que para defenderse, que se discuta non do que di e fai Podemos senón sobre a «polémica» continua en torno a Podemos, que máis alá da súa veracidade xere un efecto de ruído e afastamento, así como de encadramento nunha posición simbólica de «extrema esquerda», ignorando a diversidade dos seus votantes e simpatizantes.

Podemos tivo que enfrontar esta manobra de cerco coa que a casta pretende volver ás certezas de antes da crise política, mais os principais voceiros desta ofensiva non teñen hoxe o prestixio nin o crédito de antes da crise orgánica, o que lastra o seu labor e abre a posibilidade dunha reacción búmerang entre sectores moi diversos. O desmesurado dos ataques tamén ilustrou a ollos de moita xente o medo que Podemos espertou nos sectores máis conservadores do réxime do 78.

Con todo, os resultados do 25M e o seu impacto no escenario político español demostran tanto a validez da hipótese da unidade popular e transversal coma o noso acerto á hora de ofrecer unha superficie de inscrición e articulación, cunha nova linguaxe e unhas novas formas, para algo que estaba na sociedade mais que aínda non se expresara politicamente: malia a nosa fragilidade organizativa -comprensible para unha forza acabada de nacer-, abrimos unha greta que hoxe acelerou o tempo político español, sacudiu os vellos equilibrios, provocou dimisións e présas na recomposición e amosou un posible camiño para construír unha maioría política de cambio nun sentido popular en España. O noso reto agora é estar á altura da inmensa onda de expectativas e esperanzas que xeramos, porque o momento actual presenta diferentes elementos que constitúen unha oportunidade política dificilmente mellorable: relativa debilidade política do goberno, ausencia de indicadores positivos -sequera sexan parciais- cos que renovar a confianza no axuste, crise do principal partido da alternancia no turnismo, expansión do descontento, espiral ascendente de ilusión popular pola posibilidade do cambio, que principalmente cristaliza en Podemos, e falta de elementos culturais e simbólicos cos que as vellas elites poidan relanzar algún relato para recuperar parte da confianza e o prestixio perdido.

Nun contexto de aguda non lexitimación do conxunto da armazón política e institucional do réxime -que non deixa de dar mostras de podremia, se ben até agora relativamente controlada-, Podemos aparece como unha forza outsider, sen hipotecas (de aí o esforzo dos medios do réxime por fabricar unha «mochila ideolóxica» extremista) e na mellor posición para obter o desprestixio do establishment. Esa posición, que nos fai os paladíns da dicotomía «novo/vello», obríganos a unha enorme vixilancia e unha gran responsabilidade colectivas fronte a calquera comportamento que poida minguar o noso compromiso coa rexeneración, a transparencia e a defensa dos intereses das maiorías sociais.

Por dicilo de forma directa: o momento é agora, cando os grandes actores e a armazón mediática-financeira e dos aparatos do Estado teñen dificultades para recompoñer parte da lexitimidade perdida e a súa campaña brutal contra Podemos non ten o éxito que agardaban. O momento

é agora, tamén, porque nun Estado moderno cunha sociedade civil articulada -e no noso caso fortemente hexemonizada polas forzas conservadoras-, o mero paso do tempo podería xogar a favor do que existe, desgastándonos, contendo a irrupción plebea na política oficial, normalizando un sistema de partidos en recomposición, e abocándonos a unha estratexia de lento crecemento nun escenario xa estabilizado, no que sería difícil competir cos partidos políticos grandes que representan aos poderes dominantes. É agora, no momento da descomposición, cando Podemos pode ser unha panca que subverta as posicións dadas, hoxe máis ben flotantes e fráxiles os equilibrios e identificacións, e chegue ao Goberno postulando un discurso de excepción para unha situación de excepción: todo cae, o vello perdeu a confianza e a vergoña, que se vaian todos, fai falta un goberno novo ao servizo da xente; Podemos é esa forza, por capacidade, honestidade e vontade.

Esta manobra pode non darse de inmediato nin en solitario, pero é o tipo de orientación, estilo e perspectiva que nos pode permitir gañar. A ela habería que adaptar o tipo de organización, a política de alianzas e o marco estratéxico no que inscribamos as diferentes iniciativas políticas.

Dende este marco de análise podemos situar con mellor perspectiva o necesario e crucial debate en torno ás tarefas e desafíos que ten que afrontar Podemos neste ciclo político acelerado e sen dúbida decisivo. Pensar os seguintes pasos a dar, tanto nos niveis institucionais: eleccións municipais, autonómicas e xerais; como organizativos: que organización á altura deste presente e os seus desafíos, que ferramenta para sumar, articular e conformar unha nova maioría con vontade e capacidade de poder político.

Temos por diante un ano e medio que vai ser decisivo na historia do noso país. Polo propio calendario e o desenvolvemento da crise política, o electoral está acelerado e vai estar no centro da disputa política neste ciclo acelerado, aínda que non é o único terreo político. Podemos terá que dotarse de ferramentas que lle permitan librar esas contendas con eficacia. A prioridade no organizativo que se deriva dunha análise e uns retos como os aquí esbozados é polo tanto a de construír en primeiro lugar unha máquina política, discursiva e electoral -que non se limita á estrutura de Podemos e que irradia outros actores- que estea en disposición de aproveitar a fiestra de oportunidade da crise do réxime de 1978, nun contexto de enorme frustramento e manobras de distracción ou de estigmatización no mellor dos casos, e de destrución política no extremo. Temos ante nós a posibilidade e a responsabilidade de contribuír decisivamente á construción dunha vontade popular nova para o cambio político en favor das maiorías sociais.

3. ATREVERSE AVENCER: DECISIONS ANTE O CICLO POLÍTICO-ELECTORAL

Falamos de «ciclo político-electoral» porque é evidente e unha percepción xeneralizada que os diferentes comicios que se van celebrar no intenso curso 2014/2015 non son unha sucesión illada de eleccións senón unha concatenación de disputas que ademais non ten sentido fragmentado nin exclusivamente electoral, senón un significado político central no que debemos insistir e reforzar: estamos ante un ano decisivo para a historia de España, e nas diferentes eleccións vaise dirimir o poder político e o rumbo que tome o país e a condución da crise orgánica pola que atravesamos: se como até agora a favor da minoría privilexiada ou das maiorías sociais e as súas necesidades e anhelos.

Porén, aínda que esteamos ante un ciclo eminentemente nacional-estatal, as datas dos diferentes comicios poden contribuír, segundo se afrontens, a reforzar ou disipar esa idea. Non todos os terreos de disputa son igualmente fértiles para nós e non é un segredo para ninguén

que habemos de ser coidadosos e astutos para responder a unha orde das eleccións que non necesariamente nos favorece: veñen primeiro, en maio de 2015, as eleccións municipais e autonómicas en 13 comunidades (Canarias, Baleares, Murcia, País Valenciano, Castela-A Mancha, Madrid, Castela e León, Aragón, A Rioxa, Navarra, Extremadura, Cantabria e Asturias), sen que poidamos descartar adiantos electorais en Andalucía e Cataluña. E a continuación, en novembro de 2015, as eleccións xerais.

As nosas prioridades deben ser as eleccións xerais e unha participación nos comicios anteriores que asegure a presenza de Podemos, a continuidade da onda de crecemento e ilusión popular e a articulación no territorio, política e cultural, dunha nova vontade colectiva nacional-popular. Para iso, debemos adoptar decisións que minimicen os riscos, maximicen as nosas oportunidades. Que concentren as nosas forzas nos puntos e terreos máis favorables, non onde aos adversarios lles gustaría atoparnos.

Non nos supón un problema recoñecer dificultades nin escollos. Aprendemos que a política cidadá non oculta as complexidades senón que as expón e se reforza coa súa discusión pública. O noso compromiso non é cunha máquina política senón co cambio que protagonicen as maiorías do noso país. Esta inspiración preside a nosa proposta.

É posible que non teñamos que librar todas as contendas nin todas da mesma forma. Na nosa flexibilidade e a nosa capacidade de innovación está gran parte da nosa forza. Esta proposta suxire decisións para afrontar este ciclo político de forma coherente e cun obxectivo central: aproveitar ao máximo a oportunidade que presenta para o cambio en España.

Municipais

O ámbito municipal constitúe o espazo institucional no que a cidadanía establece relacións de maior proximidade coa toma de decisións políticas. Precisamente por iso resulta aínda máis incomprensible e inadmisíbel o proceso mediante o cal elites locais de características moi similares se apoderaron dos espazos político-institucionais locais. En moitos dos municipios nos que se xestionan importantes orzamentos, a cidadanía asiste impotente á reprodución no ámbito local dos vellos e a novos repertorios do caciquismo e a corrupción.

A proximidade da administración local explica o mellor coñecemento que a maioría da xente expresa sobre o como, o que e o quen do seu concello e, ao mesmo tempo, deixa sen sentido a interesada separación entre cidadanía e espazos de representación política. O estalido do 15M deu lugar a un ciclo de construción colectiva nas cidades, nas vilas e nos barrios. A xente volveuse a organizar, achegándose, coñecéndose, construíndo redes. Foron anos atravesados polo traballo de moitas persoas e moitas organizacións; anos de identificación de problemas e formulación de propostas, de acumulación de experiencias e saberes. As próximas eleccións municipais de 2015 chegan xusto a tempo para que estes espazos cidadáns logren trasladar ao ámbito político-institucional os proxectos e as propostas que a xente pensou, debateu e referendou durante estes anos.

É certo, tamén, que as eleccións municipais chegan pronto para Podemos. Estamos a estruturarnos e articularnos en non poucos territorios, crecendo e organizándonos mellor. Teriamos dificultades para presentar candidaturas confiables e con plenas garantías de representar o espírito de Podemos nos 8.177 municipios do país. Todos coñecemos distintos exemplos de dificultades na organización, e tamén as diferentes velocidades que constrúen Podemos en todos os territorios e marcan a súa heteroxeneidade. É normal, estamos a afrontar un desborde de ilusión e de cidadáns que veñen de lugares moi diversos. Comprácenos que sexa así, esa é a enerxía que produce os grandes cambios. Pero iso obríganos a ser cautos e a xestionar as contradicións que van aparecendo. Debemos por iso ser responsables.

A tarefa resúltanos máis ardua, pois para nós non é unha opción construír esas candidaturas mediante redes clientelares, dedazos, imposicións ou acordos baixo mesa. Vimos a rematar co caciquismo, os enchufes e o secuestro da democracia e a inaugurar a transparencia e a honestidade: debemos recoñecer aos cidadáns que preferimos non concorrer ás eleccións municipais que facelo sen ofrecerlles plenas garantías á súa confianza e o seu voto. A nosa tarefa non é ocupar cargos senón dar pasos efectivos e irreversibles para o cambio.

Con que en dous ou tres deses 8.177 municipios houbera actuacións impropias, concelleiros que rompesen coas liñas de Podemos e faltasen ao seu compromiso cidadán, quedando coa acta -como acontece en tantas vilas- a maior parte dos medios de comunicación encargaríanse de convertelos nunha icona contra a «marca Podemos», para intentar sementar dúbidas sobre ela e lastrar así un crecemento que xa chama ás portas das maiorías no noso país. Non imos repetir os erros dos partidos da casta e ás veces a construción popular ten ritmos distintos dos das maquinarias tradicionais.

Debemos ser responsables e non deixar aberto un flanco que poida debilitar o instrumento político máis poderoso que existe hoxe para lograr a recuperación da soberanía popular. A decisión tampouco pode depender de cada círculo, aínda que constitúan o núcleo e o zume da organización. Por unha banda, porque Podemos é tamén moita xente que non está nos círculos mais que confía en nós. Só unha ferramenta política que sigan sentindo como propia e eficaz é válida. Por outra banda, porque a «marca» Podemos, resultado dun bo traballo e de moitas ilusións postas en marcha, ten un prestixio que non se pode arriscar en contendas e contextos dificilmente avaliábeles caso por caso. O capital simbólico xerado non lle pertence a ninguén senón a todos, e nun ciclo político-electoral como o que afrontamos, presidido polas eleccións xerais, debemos levantar a cabeza e facer unha análise fría: en que batallas está máis cómodo e nos espera o adversario? Como debemos reaccionar?

En diferentes municipios estanse a fraguar iniciativas municipalistas que se inscriben na mesma brecha aberta por Podemos nas eleccións europeas. Moitas destas iniciativas están guiadas por un espírito similar: recuperar a política para a xente e construír ferramentas para por de novo as institucións ao servizo do ben común. Por iso, saudamos honesta e efusivamente esas candidaturas. O noso interese nunca foron unhas siglas senón construír poder para a maioría que está a sufrir o empobrecemento e o secuestro da democracia. Iso fan tamén os que traballan en candidaturas cidadás e de unidade popular aos municipios.

Así pois, a nosa proposta municipal consiste en por a nosa capacidade política en xogo, apoiando e implicándonos nas iniciativas municipalistas que cumpran rigorosamente cos requisitos da nova política, a transparencia, a rexeneración e as posibilidades de vitoria e cambio, e facelo con todo o noso potencial no territorio e a escala estatal. A unidade popular, para nós, non é un nome grandilocuente do mesmo, nin moito menos unha sopa de siglas ou unha negociación entre partidos. As candidaturas que queiran reproducir esas prácticas da vella política -chámanse «Gañemos» ou de calquera outra forma- non son candidaturas ás que ofrecer o noso traballo nin o noso apoio.

Podemos pode apoiar, cos seus membros máis activos en círculos e outras formas de participación, cos seus voceiros, a súa presenza mediática ou a súa capacidade comunicativa e de batalla electoral -así como con membros de Podemos concorrendo ás primarias nesas listas- diferentes candidaturas que nos pareza entroncan coa onda política de ilusión que se xerou o 25 de maio de 2014 e que vai levar aos cidadáns ao poder no noso país. Propoñemos algúns criterios para decidilo:

- Todas as posicións nas listas electorais deben estar abertas a ser decididas pola cidadanía. O contrario devólvenos á lóxica vella de pactos entre partidos, que a miúdo promoven candidatos menos capaces de suscitar a confianza popular. Isto non é transparencia nin é vontade de gañar.

► As candidaturas de unidade popular son para transformar a situación, non para facerlle matices. Os con textos locais son variados e complexos e non sempre operan as mesmas lóxicas que a nivel estatal ou autonómico mais é fundamental entender que os eventuais pactos contra natura en política municipal non poden comprometer a estratexia xeral de cambio no país.

► As candidaturas de unidade popular e cidadá xeran unha identidade nova, aberta a todos. Non son «pasado en roupa nova», senón pasos adiante dunha vontade popular en formación que quere recuperar as institucións das mans da mafia e poñelas ao servizo da maioría social. Non poden ser polo tanto sumas de siglas.

► As candidaturas de unidade popular e cidadá saben que hai xa unha maioría do noso pobo que quere o cambio e a ruptura coa casta e o seu réxime. Esta maioría ao mellor non comparte aínda símbolos e etiquetas, pero é a enerxía e posibilidade mesma do cambio. Só discursos transversais e que aspiren a patear o taboleiro e reordenar as lealdades son útiles para o obxectivo histórico que temos ante nós. As candidaturas de unidade popular e cidadá non buscan situarse na esquerda do taboleiro senón ocupar a centralidade. Tampouco son candidaturas de activistas e movementos facendo política-estética para si mesmos. Son candidaturas de maiorías e falan esa linguaxe, laica e de ofensiva. Asumen o terreo de loita político-electoral e os seus parámetros, e queren vencer para facer do cansazo ilusión e do descontento poder da xente.

► As candidaturas de unidade popular combaten a corrupción nos municipios e poñen en marcha plans integrais para erradicala da xestión de Concellos e empresas públicas locais. Propician un modelo de goberno municipal transparente e honesto coa xestión de recursos económicos.

As eleccións municipais deben servir para visualizar, especialmente nas grandes cidades, as posibilidades de desborde e dunha nova maioría, así como para afianzar comunicación e alianzas con moitos sectores da cidadanía mobilizada, con diversos nomes, para recuperar as institucións. Son o primeiro paso na estratexia destituyente-constituínte e de ruptura democrática.

Será neste marco no que os membros de Podemos en cada municipio, e a cidadanía que queira participar dos procesos abertos por Podemos, decida se se incorpora a fórmulas xa nacidas para sumar o noso ADN a estas ou, pola contra, envorca todos os seus recursos humanos e de ilusión na construción dunha aínda máis potente candidatura autonómica propia.

Autonómicas

Nas eleccións autonómicas, que se celebran en 13 comunidades autónomas, propomos a formación de candidaturas de Podemos a partir da articulación de capacidades incontestables e o establecemento de controis democráticos claros. As eleccións autonómicas son un espazo privilexiado para representar a escala autonómica o que a nosa candidatura ao Parlamento Europeo representou o 25 de maio. Poden e deben ser o mellor xeito de que Podemos estea presente e de que amose a súa forza nas eleccións de Maio de 2015, coa vista posta nas Eleccións Xerais previstas para novembro de 2015.

O 25 de maio comezamos a cambiar o escenario político, os seus termos e ritmos. Un ano despois temos a oportunidade de mostrar que o cambio é irreversible.

Esas candidaturas deben de responder á vontade dos militantes, inscritos e simpatizantes de Podemos no territorio, ao mesmo tempo que concorren baixo un paraugas común que lle dea a todos os cidadáns en cuxas autonomías haxa eleccións a posibilidade de votar Podemos, como voto para cambiar as súas comunidades mais tamén como un voto adiantado polo cam-

bio político en España. Son candidaturas de Podemos, que representan no autonómico unha forza política de ámbito estatal. Por iso débense conformar, articular e situar politicamente en sintonía co conxunto de Podemos.

De acordo coas realidades particulares de cada autonomía, hai que habilitar mecanismos para que a decisión de concorrer ás eleccións con marca propia se adapte ás condicións concretas e mesmo, nalgúns casos e se se desen condicións específicas, posibilite ser partícipe de agrupacións máis amplas que en ningún caso sexan sumas de partidos políticos senón candidaturas cidadás e de unidade popular, con vontade transversal e de maiorías. Propoñemos para iso a posibilidade de que, a petición de que polo menos o 10% dos inscritos en Podemos no territorio, poida decidir por voto aberto se se concorre con marca propia ou enmarcados en agrupacións diversas.

En Podemos non opera ningún patriotismo de partido, senón a vontade de formar parte do cambio no noso país. Non temos ante nós a tarefa de reconstruír unha parte, senón de construír un pobo soberano, e para iso necesitámonos todos.

Debemos ser xenerosos con todas aquelas persoas que até agora non compartiron camiño connosco pero que, sen renunciar á súa identidade, queiran asumir que o noso é o mellor método para traballar polo cambio e o noso discurso o que pode articular unha maioría popular nova. As candidaturas de Podemos deben estar abertas a todos aqueles que amosen o seu compromiso polo cambio e a ruptura democrática sen mirar que carné teñan ou leven na carteira, senón a súa lealdade e honestidade para traballar con Podemos.

En calquera caso, as candidaturas de Podemos ás eleccións autonómicas deben conformarse por eleccións primarias, comprometerse a non soste os partidos tradicionais e as súas políticas de empobrecemento e saqueo e estaren aliñadas coa hipótese, as formas, contidos e obxectivos de Podemos en todo o país. O noso esforzo será conectalas todas e conectar os temas locais coa problemática xeral, facendo das eleccións autonómicas un momento da avalancha cidadá para recuperar as nosas institucións.

As eleccións autonómicas deben servir para amosar a forza en auxe de Podemos, amosa que o acontecido polo 25 de maio non foi un fenómeno casual senón o primeiro aviso e un chanzo máis do cambio político, derrotar o relato da centralidade de PP e PSOE e converter Podemos na forza de oposición cidadá ao réxime de 1978 e a súa casta.

Xerais

Se as eleccións autonómicas son o segundo paso e máis contundente na estratexia do cambio político en favor da cidadanía é porque poden alterar de forma irreversible o mapa político do país, facer inevitable o cambio e desembocar, coa marca e ferramenta Podemos á fronte, ás portas dunhas eleccións xerais que o pobo afronte con vontade e posibilidade de vitoria fronte aos que están a protagonizar a masiva operación de saqueo, empobrecemento, venda da soberanía e secuestro da democracia que aínda sufrimos.

Estaremos á altura. É moi evidente que o nacemento de Podemos está a ser un revulsivo do sistema político do noso país. Por parte da casta queren dar unha resposta baseada en cambios cosméticos e, como vén sendo o caso dende a Transición, coa alternancia entre os dous grandes partidos. Como diría Rousseau, uns partidos que só pintan a primavera dende o inverno. As súas promesas dende a oposición, os seus anuncios de renovación, sempre se traducen en decepcións cando gobernan. Por iso somos tan necesarios. E a nosa ilusión descansa en que sabemos que Claro que Podemos!

ANEXO: GUÍA PARA CONSTRUIR CANDIDATURAS DE UNIDADE CIDADÁ E POPULAR

Contexto

O estalido do 15M deu lugar a un novo ciclo de construción colectiva nas cidades, nas vilas e nos barrios. A xente volveuse organizar, achegándose, coñecéndose, construíndo redes. Foron anos atravesados polo traballo de moitas persoas e moitas organizacións; algunhas xa se achegaron a Podemos, outras non. Anos de identificación de problemas e formulación de propostas, de acumulación de experiencias e saberes.

As próximas eleccións municipais de 2015 chegan xusto a tempo para que estes espazos cidadáns logren trasladar ao ámbito político-institucional os proxectos e as propostas que a xente pensou, debateu e referendou durante estes anos.

En diferentes municipios estanse a fraguar iniciativas municipalistas e cidadás que se inscriben na mesma brecha aberta por Podemos nas eleccións europeas: recuperar a política para a xente e construír ferramentas para por de novo as institucións ao servizo do ben común. O noso interese nunca foron unhas siglas, senón construír poder para a maioría que está a sufrir o empobrecemento e o secuestro da democracia. Iso fan tamén os que traballan en candidaturas cidadás e de unidade popular aos seus municipios.

Así pois, a nosa proposta municipal consiste en poñer a nosa capacidade política en xogo, implicándonos naquelas iniciativas municipalistas que cumpran rigorosamente cos requisitos da nova política: a participación, a transparencia, a rexeneración e as posibilidades de vitoria e cambio. E ser forza protagonista destas iniciativas con todo o noso potencial no territorio e a escala estatal.

Como nos pomos en marcha?

a) Municipios nos que existe traxectoria e iniciativa municipalista

En moitos municipios, como apuntábamos, xa existe unha traxectoria municipalista xenuinamente local, honesta e cidadá, cunhas ou outras siglas. Xa se están a experimentar fórmulas deste tipo en múltiples lugares de España con distintas denominacións: Mareas, Somos, Si se Pode, Gañemos, IKUNE, etcetera.

Nestes casos propomos que os que participamos dos círculos de Podemos apoiemos estas candidaturas co noso esforzo, participando como candidatos ou candidatas, coas nosas portavocías, coa nosa presenza mediática e coa nosa capacidade comunicativa.

Mais non se trata de apoialas subordinadamente. Podemos é xa un símbolo do cambio no país e como tal trae a mensaxe de rexeneración política da xente. Para que estas candidaturas contén co noso apoio humano, simbólico, mediático e activista terán que ser -ou cambiar para chegar a ser- fiel reflexo do que a cidadanía de hoxe esixe aos que aspiran a representar o ADN de Podemos:

- Todas as posicións nas listas electorais deben estar abertas a ser decididas pola cidadanía.

► Os contextos locais son variados e complexos e non sempre operan as mesmas lóxicas que a nivel estatal ou autonómico pero é fundamental entender que os eventuais pactos contra natura en política municipal non poden comprometer a estratexia xeral de cambio no país.

► As candidaturas de unidade popular non poden ser sumas de siglas e polo tanto a súa expresión formal deberá ser preferentemente a da Agrupación de Electores.

► As candidaturas de unidade popular e cidadá non buscan situarse na esquerda do taboleiro senón ocupar a centralidade. Tampouco son candidaturas de activistas e movementos facendo política-estética para si mesmos. Son candidaturas de maiorías que queren vencer para facer do cansazo ilusión e do descontento poder da xente.

Son estas as nosas armas para demandar con contundencia estas condicións de democracia política (o noso ADN) a estas candidaturas, como prerequisites para a incorporación da nosa xente e tamén da nosa estética a estes proxectos de Unidade Popular. Hai que deixarllles claro aos que queiran que Podemos se sume a proxectos xa constituídos que Podemos trae consigo o cumprimento das condicións que a cidadanía esixe.

Entendemos ademais que a nosa participación nestas candidaturas traerá consigo unha enorme carga simbólica («son os de Podemos»), que en moitos casos sen lugar a dúbidas estará acompañada de acenos estéticos e semánticos aos nosos sinais de identidade, todos eles xa con enorme potencial electoral.

En sentido contrario non se permitirán cores, símbolos e acenos estéticos que usurpen sequer parcialmente a nosa identidade a aqueles proxectos que non cumpran co noso ADN político.

b) Municipios nos que non existen candidaturas cidadanistas en marcha

Nestes casos, trátase de aproveitar a oportunidade que nos dá o evento electoral municipal para facer un chamado á cidadanía que se articula en múltiples fórmulas -dende Asociacións de Veciños até espazos de afinidade cultural- para recuperar o noso municipio. Facémolo sen as dificultades que entraña pedir un compromiso político cunhas siglas estables e partidarias, senón cun instrumento novo, herdeiro, iso si, duns sinais de identidade -os do 15M e os de Podemos-, xenuinamente cidadán e feito a si mesmo en función das características de cada localidade.

Trataríase polo tanto de seguir unha secuencia de accións que ben puideran pasar por:

1. Establecer interlocución coa sociedade civil, convidándoa a recuperar o seu municipio, participando non xa nunha estrutura ríxida pre-constituída e pechada, senón nunha nova fórmula aberta e participativa.

2. Convocar á cidadanía, especialmente á que se sente de Podemos e será especial protagonista, a unha Asemblea constituínte da Agrupación de Electores. Na devandita asemblea deberán aprobarse uns compromisos mínimos para a Agrupación que, para garantir a posibilidade do apoio futuro dende os medios de comunicación e portavocías estatais de Podemos, deberán ser:

► Todas as posicións nas listas electorais deben estar abertas a ser decididas pola cidadanía.

► Os contextos locais son variados e complexos e non sempre operan as mesmas lóxicas que a nivel estatal ou autonómico pero é fundamental entender que os eventuais

pactos contra natura en política municipal non poden comprometer a estratexia xeral de cambio no país.

►As candidaturas de unidade popular non poden ser sumas de siglas e polo tanto a súa expresión formal preferentemente deberá ser a da Agrupación de Electores e non a Coalición electoral. Se compañeiros ou compañeiras doutras organizacións políticas nos piden sumarse terán que facelo como cidadáns, sen renunciar ao seu acervo pero sen impoñerse sobre a base dunhas siglas.

►As candidaturas de unidade popular e cidadá non buscan situarse na esquerda do taboleiro senón ocupar a centralidade. Tampouco son candidaturas de activistas e movementos facendo política-estética para si mesmos. Son candidaturas de maiorías que queren vencer para facer do cansazo ilusión e do descontento poder da xente.

3. Elixir unha fórmula que encaixe co ánimo local e potencie a idea de movemento cidadán aberto: XXX Aberta, Si se Pode, Somos XXX...

4. Procedemos á recollida de sinaturas para a constitución da Agrupación de Electores. Este é un proceso sinxelo, que se detalla no Anexo deste documento. A propia campaña de recollida de sinaturas é parte da campaña electoral en si, xa que nos permite darnos a coñecer e aumentar a posibilidade de incorporar compañeiros e compañeiras ao ilusiónante proceso de recuperar o noso municipio para a cidadanía.

5. Iniciamos o proceso de recollida de demandas cidadás para incorporalas a un futuro programa electoral municipal.

6. Convocamos un procedemento aberto e cidadán con garantías de abondo para a elección en primarias abertas dos nosos candidatos. Neste proceso, Podemos poñerá a disposición libre da cidadanía as ferramentas informáticas que o posibilitan.

7. Presentamos a candidatura ante a Xunta Electoral de Zona.

c) Ferramentas fundamentais para a transformación, desenvolvemento e democratización dos municipios

Ademais destes compromisos mínimos, a participación dos membros de Podemos nas candidaturas cidadás -xa existentes ou que xurdan nos próximos meses- deberá propoñer o estudo e a posta en marcha de, polo menos, tres ferramentas fundamentais para a transformación, desenvolvemento e democratización dos municipios, facendo partícipe á cidadanía delas. Estas tres ferramentas convértense así nun eixo de traballo prioritario para a acción dos membros de Podemos no ámbito local:

1. Auditoría cidadá da débeda municipal

A socialización da débeda privada fíxose primeiro no Estado pero pouco a pouco pasouse á administración local. A débeda non só impide e constrinxen, senón que tamén é un instrumento de control social e político. Por iso é a nosa responsabilidade desenvolver as ferramentas e mecanismos para facela visible. A Auditoría Cidadá da Débeda Municipal non é unha ferramenta nova. De feito, foi aplicada xa noutros países, e tamén en diferentes municipios do noso Estado. Será responsabilidade e compromiso dos Consellos Cidadáns e os membros de Podemos cooperar e confluír coas iniciativas xa existentes para a consecución destas auditorías, compartindo saberes e forzas, ou procurando poñer en marcha estas iniciativas a través das redes de cooperación que xa existen ou que se deberán poñer en funcionamento.

2. Orzamentos municipais participativos

Esta ferramenta sería un eixo indispensable e irrenunciable dos principios de Podemos en relación ás políticas públicas municipais, pois formulan impactos sumamente positivos en relación á xestión pública. Para iso, sería necesario establecer unhas regras básicas, construídas e aceptadas publicamente, que garantan o bo funcionamento do proceso, e mediante o cal a cidadanía poida participar, votar e controlar os orzamentos, garantindo a inclusión de todas as persoas. Seguindo o principio de «representar obedecendo», os gobernantes deberán responder ante a cidadanía sobre o emprego e destino dos orzamentos, sendo así unha medida de transparencia que actúe e free os posibles casos de corrupción, favoritismo e clientelismo. Deberemos ir cara a un modelo que permita, tras o seu estudo e valoración colectivos, converter en vinculante este mecanismo.

3. Novo modelo de financiamento municipal

Las candidaturas municipales ciudadanas deberán promover una iniciativa para el estudio de unas nuevas bases del régimen local, que revierta el viejo modelo municipal basado en el ladrillo, y enlace con el proceso constituyente de cambio y lo legitime, con propuestas concretas que deriven de lo local. Se trataría de un nuevo modelo de financiación adaptado a una economía social y sostenible (que respete el medio ambiente), basado en los recursos locales, y que se dote de la financiación necesaria para poner en marcha estas iniciativas.

ANEXO XURÍDICO

Que é unha agrupación de electores?

As Agrupacións de electores son formacións políticas que se constitúen co aval dun número variable de sinaturas de electores e só e exclusivamente para poder presentar candidatura nun proceso electoral concreto e determinado.

Non teñen, polo tanto, vocación de permanencia ou natureza de asociación e non necesitan inscribirse no Rexistro de Partidos Políticos.

Cada agrupación de electores é autónoma e independente de calquera outra. O seu ámbito espacial de actuación é a circunscrición electoral -sen que caiban candidaturas colectivas, nin que abrangan máis dunha circunscrición, nin federacións ou coalicións entre elas- e o seu ámbito temporal de validez é o proceso electoral concreto para o que se constituíu, sen que poida estenderse máis alá deste.

Como se forma unha agrupación de electores?

Para presentar candidaturas as agrupacións de electores necesitan un número de sinaturas dos inscritos no Censo Electoral do Municipio, que se deberá autenticar notarialmente ou polo Secretario da Corporación municipal correspondente conforme ao seguinte baremo:

- ▶ Nos municipios de menos de 5.000 habitantes, non menos do 1% dos inscritos sempre que o número de asinantes sexa máis do dobre que o de Concelleiros que se elixen.
- ▶ Nos comprendidos entre 5.001 e 10.000 habitantes polo menos 100 sinaturas.
- ▶ Nos comprendidos entre 10.001 e 50.000 habitantes polo menos 500 sinaturas.
- ▶ Nos comprendidos entre 50.001 e 150.000 habitantes polo menos 1.500 sinaturas.
- ▶ Nos comprendidos entre 150.001 e 300.000 habitantes polo menos 3.000 sinaturas.
- ▶ Nos comprendidos entre 300.001 e 1.000.000 habitantes polo menos 5.000 sinaturas.
- ▶ Nos demais casos polo menos 8.000 sinaturas.

Ningún elector ou cargo electo pode asinar para a presentación de varias candidaturas. Isto é importante porque, de non se cumprir, invalidaría a folia de sinaturas completa.

Perante quen e cando se presentan as candidaturas nas eleccións locais

A Xunta Electoral competente para todas as operacións en relación coa presentación e proclamación de candidatos nas eleccións locais é a Xunta Electoral de Zona.

O prazo para presentar candidaturas publícase no Boletín Oficial da Provincia cando exista unha convocatoria de eleccións, e deberá expresar con claridade a denominación, siglas e símbolo da agrupación de electores, así como o nome e apelidos dos candidatos incluídos neles.

O Secretario da Xunta Electoral outorgará un número correlativo por orde de presentación a cada candidatura presentada e esta orde gardarase en todas as publicacións (artigo 46.9 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral).

Á presentación da candidatura (que se realiza nos formularios que poden descargarse da web do Ministerio do Interior) debe acompañarse a documentación recollida na Instrución da Xunta Electoral

Central, do 15 de marzo de 1999. A devandita Instrución establece o seguinte: A Xunta Electoral Central ditou Instrucións acerca da documentación que necesariamente se ha de acompañar pola candidaturas, en relación coa condición de elixibilidade dos candidatos, incluíndose entre os documentos que se achegan, escrito de aceptación da candidatura, certificación acreditativa da inscrición dos candidatos nas listas do censo ou, se algún candidato non figura inscrito nelas, certificación negativa de antecedentes penais, acreditándose así estar o candidato no pleno goce dos seus dereitos civís e políticos. Deberán igualmente presentarse para as agrupacións de electores os documentos acreditativos do número de sinaturas legalmente esixido para a súa participación nas eleccións.

No momento de presentación da candidatura, haberá que designar un representante xeral da candidatura, que aceptará nese mesmo acto.

Máis información:

- ▶ Artigos 44, 46, 177, 186, 187, 187 bis Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

- ▶ Instrución do 15 de marzo de 1999, da Xunta Electoral Central, (BOE n.º 67 do 19 de marzo de 1999). Sobre documentación que debe acompañarse na presentación de candidaturas.

Que é a paridade electoral?

A paridade electoral é a presenza equilibrada de mulleres e homes no ámbito da representación política.

A Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral esixe a composición equilibrada das listas electorais que se presenten nas eleccións ao Congreso, eleccións locais, Consellos Insulares, Cabidos Insulares Canarios, Parlamento Europeo e Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Esta composición equilibrada supón o seguinte:

No conxunto da lista, e en todo caso en cada tramo de 5 postos, os candidatos dun ou outro sexo non poderán estar representados en menos do 40%. Exceptúanse os municipios menores de 3.000 e illas menores de 5.000 habitantes.

Máis información: Instrución 5/2007, do 12 de abril, da Xunta Electoral Central, sobre aplicación dos artigos 44.bis e 187.2 da LOREG na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

